

## CERTIFICACIÓN

**Rosa Ana Prada Queipo, secretaria do Concello de Ames (A Coruña)**

**CERTIFICO:** Que a Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria celebrada o día 11 de novembro de 2021, adoptou, entre outros, o acordo que copiado é do teor literal seguinte:

**PUNTO CUARTO. APROBACIÓN DA CONVOCATORIA E DAS BASES REGULADORAS DAS AXUDAS PARA A PROMOCIÓN DE ACTIVIDADES LEVADAS A CABO POR ANPAS DOS CENTROS EDUCATIVOS DO CONCELLO AMES NOS EXERCICIOS 2020 E 2021.**

**EXPEDIENTES GD 5705/2021**

*Visto que con data 27.04.2021 (BOP núm. 77) entrou en vigor o orzamento municipal para o ano 2021 xa é posible convocar as subvencións para a concesión de axudas destinadas a promover actividades das ANPAS nos centros educativos do Concello de Ames para as anualidades 2020 e 2021.*

*Vista a proposta de convocatoria de axudas para promoción de actividades levadas a cabo polas ANPAS dos centros educativos do Concello Ames, durante os exercicios 2020 e 2021, subscrita polo concelleiro delegado de Educación, David Santomil Mosquera, do 05.05.2021.*

*Vista a Providencia da Alcaldía de inicio do expediente, de data 05.05.2021.*

*Visto o informe xurídico de Secretaría sobre a lexislación aplicable e o procedemento a seguir, de data 18.10.2021.*

*Visto o informe-proposta de bases elaborado pola técnica de Educación, de data 19.10.2021.*

*Visto o informe de fiscalización favorable da Intervención municipal (informe 496/2021)*

*Por todo o que antecede, a Xunta de Goberno local, por unanimidade dos seus membros presentes, e previa delegación da Alcaldía (decreto 1376/2021), adopta os seguintes acordos:*

**Primeiro.** *Aprobar a convocatoria para a concesión de axudas destinadas a promover actividades das Asociacións de Pais e Nais de Alumnos (ANPAS) dos centros educativos do Concello de Ames, para as anualidades 2020 e 2021 .*

**Segundo.** *Aprobar as bases reguladoras da convocatoria, que figuran como Anexo deste acordo.*

**Terceiro.** *Aprobar o gasto con cargo a aplicación orzamentaria 3261.48903 do orzamento municipal en vigor 2021 por importe de 40.000,00 euros.*

**Cuarto.** *Publicar a convocatoria seguindo o procedemento establecido no artigo 20.8 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvención (LXS), a través do envío do estrato da convocatoria á Base Nacional de Subvencións (BNS) quen o remitirá ao BOP. As bases publicaranse integramente na páxina web do Concello de Ames. O prazo para a presentación das solicitudes será de un mes dende a publicación do estrato da convocatoria no BOP.*

**Quinto.** Dar traslado do presente acordo aos departamentos municipais afectados aos efectos oportunos.

**Sexto.** Facultar ó alcalde do Concello de Ames para cantas actuacións de trámite sexan precisas para a mellor execución do acordado.

### Anexo

#### **BASES DA CONVOCATORIA DE AXUDAS PARA PROMOCIÓN DE ACTIVIDADES LEVADAS A CABO POR ANPAS DOS CENTROS EDUCATIVOS DO CONCELLO AMES NO EXERCICIO 2020 E NO EXERCICIO 2021.**

##### **1.- OBXECTO**

Esta convocatoria ten por obxecto establecer os criterios e procedementos para a concesión de subvencións, durante o exercicio 2020 e 2021, destinadas a promover actividades das Asociacións de Pais e Nais (ANPAS) existentes nos centros educativos do Concello de Ames, de acordo cos principios de obxectividade, concorrencia e publicidade.

A lexislación aplicable as subvencións do Concello de Ames é a seguinte:

- Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL).
- Lei 38/2003, de 28 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS)
- Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia (LSGA)
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPACAP)
- Real Decreto 130/2019, de 8 de marzo, polo que se regula a Base de Datos Nacional de Subvencións e a publicidade de subvencións e demais axudas públicas.

Ademais, o artigo 17.2 da LXS establece que as bases reguladoras das subvencións das corporacións locais deberanse aprobar no marco das bases de execución do orzamento, a través dunha ordenanza xeral de subvencións ou mediante unha ordenanza específica para as distintas modalidades de subvencións.

O Concello de Ames non dispón de ordenanza xeral nin específica de subvencións, polo que as bases reguladoras deberemos aprobalas no marco das bases de execución do orzamento, concretamente na base 49 e seguintes das bases de execución do orzamento 2021 do Concello de Ames.

O procedemento para a concesión destas subvencións serán en réxime de concorrencia competitiva, mediante a comparación das solicitudes presentadas, a fin de establecer unha prelación entre as mesmas de acordo cos criterios de valoración establecidos nesta convocatoria, adxudicando, co límite fixado na base segunda, aquelas que teñan maior valoración en aplicación dos citados criterios.

A través da presente convocatoria, a Concellaría delegada de Educación propónse a consecución dos seguintes obxectivos:

##### **1.1- Obxectivos estratéxicos, ou de primeiro nivel**

- a) Enriquecer a formación da poboación escolar do Concello de Ames, a través de actividades complementarias á formación regrada que reciben nos centros educativos.
- b) Promover a convivencia da poboación escolar fóra do ámbito puramente académico.
- c) Propiciar a mellora do rendemento por parte dos alumnos.

##### **1.2.- Obxectivos instrumentais, ou de segundo nivel**

Para a consecución dos obxectivos estratéxicos establécense as seguintes liñas de actuación, ou obxectivos de segundo nivel:

- a) A colaboración financeira na realización de saídas didácticas de carácter cultural.
- b) A colaboración financeira en actividades extra escolares destinadas ao reforzo educativo, orientado á superación dos exames por parte dos alumnos con máis dificultades para o normal seguimento das materias impartidas polos centros.
- c) A colaboración financeira na realización de actividades extra escolares promovidas polas ANPAS
- d) A colaboración financeira para a mellora de dotacións e equipamentos das ANPAS.

e) A colaboración financeira para a mellora do coñecemento, mediante o fomento de encontros e xornadas formativas orientadas ao alumnado, de nais e pais.

## 2.- GASTOS SUBVENCIONABLES

### 2.1 Gastos subvencionables

Poderán ser subvencionadas, ata o 100% do presuposto total asignado a cada centro escolar, as actividades indicadas no seguinte cadro:

Liña de achega.	Descrición.
Viaxes culturais	Enténdese como tales aquelas que inclúan no seu desenvolvemento a visita a lugares ou a asistencia a eventos de carácter histórico ou artístico.
Actividades extra escolares.	Entendendo como tales, as desenvolvidas con carácter estable ao longo dun período similar ao curso escolar.
Organización de encontros e xornadas	Entendo como tales aquelas orientadas á mellora do coñecemento e convivencia do alumnado, pais e nais de alumnos/as.
Mobiliario e material didáctico	Entendendo como tales aqueles elementos necesarios para o desenvolvemento das actividades das ANPAS, como poden ser mesas e cadeiras, taboleiros, libros e revistas, material escolar.

Non poderán acollerse a esta convocatoria os gastos ordinarios de funcionamento do ANPA (teléfonos, fotocopias, material funxible de oficina e alimentación), nin a realización de obras.

### 2.2 Momento de realización dos gastos financiados

No caso do exercicio 2020, as actividades para as que se solicite a achega municipal deberán ter sido efectuadas dentro do ano 2020, dende o 1 de xaneiro de 2020 ata o 31 de decembro de 2020.

No caso do exercicio 2021, as actividades para as que se solicite a achega municipal deberán efectuarse dentro do ano 2021, dende o 1 de xaneiro de 2021 ata o 31 de decembro de 2021.

## 3.-Orzamento

A contía máxima destinada a esta convocatoria ascende a 40.000 € imputables (20.000 € para ca dun dos exercicios no que se realicen as actividades obxecto desta convocatoria) á aplicación orzamentaria 3261.48903 do orzamento de gasto.

## 4.- Contía das achegas e coeficiente de financiamento

### 4.1 Contía individual das achegas

O importe individual das achegas concedidas ao abeiro desta convocatoria non poderá superar o importe establecido ás ANPAS de cada centro escolar, que será o seguinte:

-Grupo A: centros públicos de máis de 500 alumnos/as, un máximo de 3.000 euros por centro e anualidade.

-Grupo B: centros públicos de 150 a 500 alumnos/as, un máximo de 2.000 euros por centro e anualidade.

-Grupo C: centros públicos de menos de 150 alumnos/as, un máximo de 750 euros por centro e anualidade, correspondentes fundamentalmente ás escolas infantís de primeiro ciclo.

No caso de existir máis dunha ANPA formalmente constituída e rexistrada nun mesmo centro, calcularase a achega a cada unha dun xeito proporcional ao número de socios/as da ANPA, ata o importe máximo establecido para o centro escolar.

### 4.2 Coeficiente de financiamento

Defínese o coeficiente de financiamento como o cociente existente entre a achega solicitada e o orzamento subvencionado.

Enténdese por orzamento subvencionado o gasto total a que ascende a actividade para a que se pretenda a subvención, segundo conste na solicitude formulada polo/a interesado/a.

O coeficiente de financiamento será aplicado sobre o gasto validamente xustificado, co fin de determinar o importe final da achega que lle vaia corresponder ao beneficiario sen que en ningún caso poida exceder do 80% do custe da

actividade de que se trate.

Por regra xeral a subvención non superará o 80% do orzamento total do proxecto ou actividade (coeficiente de financiamento 0,8) nen a contía máxima establecida no punto 4.1.

En consecuencia, para percibir o importe íntegro da subvención concedida segundo as contías establecida no apartado 4.1, o beneficiario deberá xustificar, como mínimo, un gasto equivalente ao 125% de dita contía.

## 5.- Destinatarios

Poderán optar a estas subvencións as ANPAS existentes nos centros educativos de titularidade pública do Concello de Ames, legalmente constituídas, e que figuren inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións, sempre e cando os datos da inscrición estean debidamente actualizados ao momento de solicitar a achega.

Non poderán optar a estas subvencións as persoas e entidades ás que se refiren os artigos 13.2 e 13.3 da Lei 38/2003 de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

As asociacións solicitantes teñen que estar ao días nas súas obrigas tributarias (AEAT e Concello de Ames), así como coa Seguridade Social.

As entidades solicitantes non poderán ter pendente a xustificación de ningunha axuda anterior do Concello, a non ser que lles fora concedida unha prórroga.

## 6.- Lugar e prazo de presentación de solicitudes

### 6.1 Lugar de presentación

De acordo co artigo 14.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, as persoas xurídicas están obrigadas a relacionarse coas administracións públicas a través de medios electrónicos.

As solicitudes, xunto co resto da documentación, presentárase no Rexistro Electrónico Xeral do Concello de Ames, ou na sede electrónica do Concello (<https://sede.concellodeames.gal/es>). Igualmente poderá presentarse nos restante rexistros electrónicos de calquera dos suxeitos aos que refire o artigo 2.1 da LPACAP.

Se algunha das persoas interesadas presenta a súa solicitude presencialmente, requiriráselle para que a emende a través da presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación da solicitude aquela en que fose realizada a emenda.

### 6.2 Prazo de presentación.

As solicitudes para participar na presente convocatoria poderán presentarse no prazo dun mes a contar dende o día seguinte á publicación do extracto desta convocatoria no BOP.

### 6.3 Documentación integrante das solicitudes

As solicitudes deberán achegarse nos modelos normalizados que figuran como anexos ás presentes bases:

Anexo 1	<p><u>Solicitude da subvención</u></p> <p>Xunto con este anexo, os solicitantes deberán achegar igualmente:</p> <p>a) Memoria <u>detallada</u> na que se reflecta o conxunto de actividades desenvolvidas <u>no ano 2020</u> e que se desenvolveran ou pretendan desenvolver <u>no ano 2021</u>, polas que se solicite a subvención e na que se faga referencia expresa aos gastos e ingresos de ditas actividades.</p> <p>b) Certificación bancaria da conta na que teña que efectuarse o ingreso da subvención.</p>
Anexo 2	Declaración responsable do representante legal (presidente) da entidade
Anexo 3	Conta xustificativa
Anexo 4	Declaración de compromiso de uso do idioma Galego

Estes anexos poderán obterse nas dependencias do Departamento de Educación, así coma na páxina web do Concello ([www.concellodeames.gal](http://www.concellodeames.gal)).

As solicitudes deberá presentalas o/a presidente/a ou representante, as persoas que ocupen eses cargos deberán constar como tal no Rexistro Municipal de Asociacións.

Deberá presentarse solicitude para cada exercicio no que se pretenda obter unha axuda (unha para o exercicio 2020 e o outra para o exercicio 2021). O feito de presentar unha solicitude para un exercicio non implicará que se considere presentada para exercicios posteriores.

## 7.- Tramitación e resolución

### 7.1 Tramitación

A presente convocatoria será tramitada pola Concellaría Delegada en materia de Educación, que terá o carácter de órgano xestor aos efectos indicados na normativa reguladora das subvencións públicas.

A concesión das subvencións realizarase en réxime de concorrencia competitiva, e será aprobada despois da proposta motivada da comisión avaliadora e do informe do Departamento de Educación acreditativo de que da información que consta no seu poder, se deriva que os beneficiarios reúnen todos os requisitos necesarios para accederen á condición de beneficiarios da achega solicitada.

Esta comisión avaliadora estará integrada polos seguintes membros:

Presidente	-O Alcalde
Vogais	-O Concelleiro/a Delegado da Área -Un traballador/a do Departamento de Educación, que actuará como secretario/a da comisión.

### 7.2 Valoración das solicitudes

A selección das peticións e a contía das subvencións determinarase despois da consideración dos gastos realizados, de acordo co criterio indicado no punto 4.1, ata o importe máximo asignado a cada centro escolar dos conceptos subvencionables indicados no 2.1

As actividades realizadas no marco desta convocatoria deben fomentar o uso do idioma galego e será un requisito imprescindible ter utilizado o idioma galego en cada unha das actividades coa presentación asinada do compromiso que figura no ANEXO 4.

### 7.3 Importe da achega a conceder

Establécese a posibilidade de financiar ata o 80% das actuacións desenvolvidas sempre e cando estas se axusten aos conceptos subvencionables e sempre tendo en conta o importe da achega a cada centro escolar en función dos tramos establecidos na base 4.1

En caso de que a suma das achegas distribuídas de acordo co indicado neste punto supere o orzamento máximo da convocatoria que se sinala na base 3ª, todas as achegas determinadas segundo o anterior reparto, experimentaran a correspondente redución proporcional, ata axustárense a dito importe máximo.

A contía da achega non poderá superar, en ningún caso o 80% do orzamento declarado polo solicitante, nin o importe máximo sinalado na base 4.1.

A suma das subvencións concedidas, en ningún caso, poderá ser de tal contía que, en concorrencia con subvencións ou axudas doutras Administracións públicas ou entidades privadas, supere o custo da actividade ou o investimento feito polo beneficiario.

### 7.4. Notificación e publicidade da resolución de concesión

O expediente así tramitado someterase á Alcaldía, ou ao órgano a favor do cal a Alcaldía efectuase a correspondente delegación.

A súa resolución notificaráselle a todos os solicitantes no prazo máximo de 9 meses a partir do día de publicación da convocatoria, expresando, de xeito motivado, se foi desestimada ou estimada a solicitude, para os efectos de posibles recursos.

Aos anteriores efectos, no caso de concesión, a resolución expresará o obxecto da subvención outorgada, o importe a xustificar, o importe xustificando e o importe a aboar. No caso de desestimación, a resolución indicará o motivo polo que se denega.

A notificación efectuarase nos termos establecidos no artigo 42 da lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas.

A resolución ditada porá fin á vía administrativa e contra a mesma caberá interpor ben recurso contencioso-administrativo, ou ben, potestativamente e con carácter previo a este, recurso de reposición ante o mesmo órgano que a ditou.

A presentación do recurso de reposición poderá efectuarse no prazo sinalado no artigo 124 da lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas. (un mes desde a notificación da resolución de reparto de achegas).

A interposición do recurso contencioso administrativo poderá efectuarse no prazo indicado no artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición Contencioso-administrativa (dous meses desde a notificación expresa da resolución de reparto de achegas).

A concesión en firme das subvencións xerará un dereito en favor do/a beneficiario/a e o correlativo compromiso para o concello, compromiso que só será esixible cando se acredite o cumprimento das finalidades que motivaron a súa

concesión en prazo e forma.

#### 7.5 Aceptación da subvención

No prazo de dez (10) días naturais seguintes ao da publicación da resolución, os/as beneficiario/as das achegas deberán comunicarlle ao Concello de Ames, por escrito, a non aceptación. Se transcorrido ese prazo non se fixese manifestación expresa en ningún sentido, entenderase aceptada a achega concedida.

### 8.- Xustificación e pagamento

#### 8.1 Prazo de xustificación

##### a) Actividades realizadas no exercicio 2020

Para as actividades realizadas no exercicio 2020, nas que o período de execución do gasto rematou o 31 de decembro de 2020, a documentación xustificativa, acreditativa da realización do gasto efectuado, deberá presentarse xunto ca solicitude da achega.

O prazo de xustificación finalizará o mesmo día en que remate o prazo de presentación de solicitudes. En virtude da natureza da convocatoria, este prazo non será prorrogable.

##### b) Actividades realizadas no exercicio 2021

Para as actividades realizadas no exercicio 2021, nas que o período de execución do gasto rematará o 31 de decembro de 2021, o prazo de xustificación será de **un (1) mes** desde a recepción da notificación da concesión da achega, agás que se conceda unha prórroga, a instancia de parte.

Este prazo poderá ser ampliado por un espazo de 15 días naturais adicionais, como máximo; esta ampliación poderá ser solicitada pola persoa interesada ou proposta pola unidade xestora, e deberá ser acordada en todo caso antes do remate do prazo inicial de xustificación.

#### 8.2 Documentación xustificativa

A obriga de xustificar a achega concedida deberá cumprirse mediante a presentación da correspondente MEMORIA XUSTIFICATIVA, de acordo co modelo que se recolle como ANEXO 3 destas bases, á que se engadirá a seguinte documentación:

(1) 8.2.1 Memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións impostas nestas bases así como, se é o caso, na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

(2) 8.2.2 Facturas de gasto, e demais documentos de valor probatorio equivalentes no tráfico xurídico mercantil.

Para os efectos do indicado no artigo 31 da Lei 38/03, de 17 de novembro, xeral de subvencións, considerarase gasto efectivamente realizado o documentado segundo o indicado no parágrafo anterior. Non é requisito necesario o seu aboamento con anterioridade á finalización do período de xustificación que se indica nesta base.

Os beneficiarios das subvencións deben utilizar, con carácter xeral, formas de pagamento a terceiros que poidan acreditarse documentalmente (tarxetas bancarias de crédito ou débito, talóns nominativos, transferencias bancarias..) e só excepcionalmente poderán utilizar o pagamento en metálico cando non sexa posible outra forma alternativa e en todo caso para gastos non superiores a 150€.

(3) 8.2.3 En caso de que as actividades subvencionadas se efectuasen a través de persoal contratado para tal efecto:

Orixinal ou copia compulsada dos contratos de traballo.

Copias compulsadas das nóminas aboadas e dos boletíns de cotización á seguridade social TC1 e TC2, así como dos documentos bancarios acreditativos dos correspondentes pagos (extractos ou cargos bancarios).

(4) 8.2.4 Copia do material empregado para o cumprimento do deber de difusión do carácter público do financiamento, de acordo co indicado na disposición adicional primeira.

A documentación relativa á xustificación presentarase no Rexistro Electrónico Xeral do Concello de Ames, na sede electrónica do Concello (<https://sede.concellodeames.gal/es>) ou nos restante rexistros electrónicos de calquera dos suxeitos aos que refire o artigo 2.1 da LPACAP. O representante ou presidente da entidade responsabilizarase de que todos os documentos que se acheguen electronicamente sexan copias dos orixinais.

Estes documentos estampillaranse polo beneficiario antes da súa presentación electrónica coa seguinte mención "factura empregada para xustificar unha achega ante o Concello de Ames na convocatoria de axudas a ANPAS (indicar si se trata do ano 2020 ou 2021)" indicando o importe afectado pola subvención.

Non se aceptarán aqueles documentos xustificativos do gasto nos que non conste a estampilla correspondente.

O importe que figure nesta estampilla debe ser o correspondente á parte da factura que foi sufragada pola ANPA dos seus propios fondos, é dicir o investimento realizado pola ANPA sen que se poida incluír nesa cantidade as contías que aboan ou van aboar os usuarios por asistir á actividade obxecto de dita factura nin aquelas cantidades subvencionadas por outras entidades públicas ou privadas.

Exemplo estampilla:

*“Factura empregada para xustificar unha achega de .....€ ante o Concello de Ames na convocatoria de axudas a ANPAS (indicar 2020 ou 2021)”*

*Con independencia dos libros e rexistros contables que as normas de carácter xeral poidan establecer aos beneficiarios de subvencións como consecuencia da súa forma xurídica (Asociación, Fundación, Federación, etc) estes deberán contar en todo caso, cun rexistro cronolóxico de cobros e pagos que inclúa debidamente identificados, entre outros, os relativos á actividade ou material obxecto de financiamento polo Concello de Ames, que terá os efectos previstos no artigo 17.3. h) da Lei Xeral de Subvencións e no artigo 11.f) e g) da Lei de subvencións de Galicia.*

### 8.3 Tramitación da xustificación

*Para os efectos de xustificar os gastos e coa finalidade de exceptuar o art. 31.2 da LXS, entenderase que o gasto está realizado coa achega da documentación sinalada no apartado anterior. Á vista da documentación xustificativa presentada e logo do informe previo da unidade xestora acreditativo de que da información que consta no seu poder se deriva que os beneficiarios achegaron a totalidade de documentación xustificativa esixida e despois da súa fiscalización, o órgano competente valorará o cumprimento das actividades ou investimentos subvencionados e, se a documentación é correcta, procederase á aprobación da xustificación e ao pagamento da subvención.*

*En caso de que a documentación xustificativa fora incorrecta ou insuficiente, o órgano xestor formulará o correspondente requirimento, con advertencia de que de non proceder á emenda das eivas advertidas no prazo de dez días hábiles, consideraráselle desistido do procedemento, previa resolución que deberá ser ditada nos termos previstos no artigo 21 da LPACAP e que implicará a renuncia á achega concedida.*

*Para a valoración do cumprimento da finalidade básica da subvención e o seu pagamento, terase en conta o seguinte:*

*I. No caso de que se xustifique gasto por un importe igual ou superior ao orzamento subvencionado (é dicir, ao gasto da actividade, segundo figure na solicitude de subvención), aboarase a parte proporcional da subvención mediante a aplicación do coeficiente de financiamento ao importe total dos gastos acreditados.*

*II. No caso de que se xustifique gasto inferior ao 100%, pero superior ao 30% do orzamento subvencionado, aboácese a parte proporcional da subvención mediante a aplicación do coeficiente de financiamento ao importe total dos gastos acreditados.*

*III. No caso de que se xustifique gasto inferior ao 30% do orzamento subvencionado, non se considerará cumprida a finalidade básica da subvención, polo que non se aboará cantidade ningunha, sen prexuízo da aplicación do réxime sancionador disposto nas normas de xeral aplicación.*

*En aplicación destes criterios, o informe emitido polo órgano xestor indicará o importe da subvención inicialmente concedida que proceda aboar á entidade beneficiaria.*

### 8.4 Xustificación extemporánea e perda da subvención

*Vencidos os prazos e prórrogas sinalados nas bases sen que a entidade beneficiaria da subvención xustificase o cumprimento da finalidade que motivou o seu outorgamento, a unidade xestora emitirá un requirimento para que, no prazo improrrogable de quince días, presente a xustificación correspondente. A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvención e demais responsabilidades dispostas na Lei Xeral de Subvencións.*

*Para o cobro da subvención as entidades beneficiarias deberán estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias, coa Seguridade Social e co Concello de Ames.*

### **9.- Control posterior das achegas concedidas**

*Para os efectos previstos no artigo 75.3 do RD 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións, a comprobación das achegas concedidas levarase a cabo do seguinte xeito:*

#### 9.1.- Número total de expedientes obxecto da revisión

*I. As solicitudes presentadas serán numeradas en función da data e da hora de presentación no Rexistro Xeral do Concello.*

*II. De entre todas as solicitudes atendidas, seleccionaranse un 15 % para o seu control posterior. A cantidade así obtida será redondeada ao exceso ata acadar un número enteiro. O número de expedientes que se revisen non será nunca inferior a dous.*

#### 9.2.- Expedientes obxecto de revisión.

*Os expedientes concretos obxecto de revisión serán seleccionados do seguinte xeito:*

1. A solicitude presentada en último lugar será revisada sempre.
2. Os demais expedientes que se revisen serán os consecutivamente anteriores ao indicado no anterior

apartado.

#### **10.- Reintegro das subvencións**

As subvencións serán reintegradas nos supostos previstos no artigo 37 da Lei 38/2003 de 17 de novembro.

#### **11.- Outras subvencións ou axudas**

As achegas concedidas ao abeiro desta convocatoria son compatibles con outras que puideran obter as entidades beneficiarias doutras administracións públicas, sempre e cando o importe total do conxunto das mesmas non supere o custe da actividade ou investimento subvencionado.

Sen prexuízo do anterior, as actividades para as que se solicite esta achega non poderán acollerse a outras convocatorias do concello de Ames.

#### **12.- Réxime sancionador**

O beneficiario quedará sometido ás responsabilidades e réxime sancionador disposto na Lei Xeral de Subvencións e, se é o caso, ao disposto no Código Penal (Lei Orgánica 10/85).

Será de aplicación o réxime sancionador previsto no Título IV da Lei 38/2003, xeral de subvencións, desenvolto polo Título IV do Regulamento da citada Lei.

### **Disposicións adicionais**

#### **Disposición adicional primeira.- Difusión do carácter público do financiamento.**

Os beneficiarios deberán dar a adecuada publicidade do carácter público do financiamento de programas, actividades, investimentos ou actuacións de calquera tipo que sexan obxecto de subvención, unha vez comunicada a resolución da concesión conforme ao establecido na Lei Xeral de Subvencións e aos seguintes aspectos.

1. Compromiso da entidade de entregar a todos os integrantes do ANPA copia da resolución de concesión da achega, no prazo de tres meses desde a notificación desta, conservando os xustificantes de dita entrega.
2. Compromiso da entidade de expoñer dita resolución no taboleiro de anuncios do ANPA, ou no local ou taboleiro do que dispoñan no centro educativo, páxina web ou blogue no caso de dispoñer deste medio dixital da ANPA desde a notificación da concesión da achega durante o período de un ano.

As medidas de difusión do cofinanciamento deben consistir na inclusión da imaxe institucional do Concello, así como lendas relativas ao financiamento público en carteis, placas conmemorativas, materiais impresos, medios electrónicos ou audiovisuais, equipamento e mobiliario ou ben en mencións realizadas en medios de comunicación. Deberán achegarse copias dos elementos de difusión e fotografías.

Cando o programa, actividade, investimento ou actuación gozase doutras fontes de financiamento e o beneficiario viñese obrigado a dar publicidade desta circunstancia, os medios de difusión da subvención concedida así como a súa relevancia deberán ser análogos aos empregados respecto das outras fontes de financiamento.

#### **Disposición adicional segunda. Órganos de control das achegas concedidas.**

As entidades beneficiarias de subvencións concedidas polo Concello quedarán obrigadas a someterse aos procedementos de controis ou auditoría que realicen polos seus propios medios ou a través de empresas colaboradoras a Intervención municipal, o Consello de Contas de Galicia, o Tribunal de Contas e calquera outros órganos de control interno ou externo, nacional ou europeo.

#### **Disposición adicional terceira.- Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida.**

Para os efectos da salvagarda do dereito dos participantes na presente convocatoria á protección dos seus datos de carácter persoal, nos termos previstos na Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, faise constar que os datos das subvencións concedidas quedarán incorporados ao rexistros públicos de subvencións, nos seguintes termos:

- a) En cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, Xeral de Subvenciones e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación dos beneficiario/as serán remitidas á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, ca exclusiva finalidade prevista en dito precepto.
- b) Así mesmo, en cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, o Concello remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

Do mesmo xeito, e por aplicación do disposto no artigo 30 do RD 887/06, a publicidade das subvencións realizarase de acordo co establecido para a publicidade de subvencións e axudas públicas da Base de Datos Nacional de Subvencións.



**Disposición adicional cuarta.-Protección de datos.**

O responsable do tratamento dos datos que consten no expediente de convocatoria destas axudas é o Concello de Ames. Os datos serán tratados coa finalidade específica, da convocatoria de axudas para a promoción de actividades levadas a cabo por ANPAS dos centros educativos do concello de Ames para o ano 2019, de conformidade co disposto na Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Personais e garantía dos dereitos dixitais e demais disposicións de aplicación.

A lexitimación do tratamento está baseada no consentimento manifestado coa solicitude de participación das persoas interesadas nesta convocatoria de axudas.

O prazo de conservación dos datos dependerá do especificado para cada tratamento de datos persoais ou os que legalmente sexan de obrigado cumprimento.

Os datos solicitados unicamente serán obxecto de cesión, no seu caso, previo consentimento da persoa interesada ou de acordo co previsto na citada lexislación.

As persoas cuxos datos persoais sexan tratados polo Concello de Ames poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade, así como opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na lexislación vixente sobre a materia, ante o órgano responsable do tratamento dos datos (Concello de Ames). Tamén poderán exercer os seus dereitos ante o Delegado de Protección de Datos do Concello no enderezo electrónico [dpd@concellodeames.gal](mailto:dpd@concellodeames.gal).

**DISPOSICIÓN FINAL**

Para o non previsto nesta convocatoria serán de aplicación as normas incluídas nas Bases de execución do orzamento xeral do Concello para o ano 2021, na Lei 38/2003 xeral de subvencións e no seu Regulamento e na Lei 9/2007 de subvencións de Galicia.

DATA DE SINATURA: HASH DO CERTIFICADO:  
11/11/2021 DCAFA08587B6280B37A145073275F726E60DDB4CA  
11/11/2021 0FD2C3776C7B204298B5CEEED09905C3886F2BBDE1

POSTO DE TRABALLO:  
Secretaría  
Alcalde

NOME:  
PRADA QUEIPIO, ROSA ANA  
GARCIA PIÑEIRO, JOSE BLAS

Asinado Dixitalmente no Concello de Ames - <https://sede.concellodeames.gal> - Código Seguro de Verificación: 15220IDOC26C650F49D7ACT744A9E

**CONVOCATORIA DE SUBVENCIONS PARA CONVOCATORIA DE AXUDAS PARA PROMOCION DE ACTIVIDADES LEVADAS A CABO POLAS ANPAS DOS CENTROS EDUCATIVOS DO CONCELLO DE AMES NO EXERCICIO .....(INDÍQUESE ANUALIDADE)**

**ANEXO 1**

**SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN**

Xunto con este anexo, os solicitantes deberán achegar igualmente:

- a) Memoria detallada na que se reflicta o conxunto de actividades desenvolvidas ..... polas que se solicite a subvención e no que se faga referencia expresa aos gastos e ingresos de ditas actividades.  
b) Certificación bancaria da conta na que teña que efectuarse o ingreso da subvención.

Nome da persoa que presenta a solicitude (Secretario/a da ANPA).		Nif
Enderezo		Municipio
Tfno.	Enderezo electrónico	

Actuando en representación de (datos da entidade solicitante):

Nome	CIF
Enderezo	Localidade
Nº de Rexistro Municipal de Asociacións	Nº de asociados
Presidente/a	Enderezo electrónico.

Tendo coñecemento da liña de axudas convocada polo Concello de Ames para a promoción das actividades realizadas por ANPAS durante o exercicio \_\_\_\_\_, SOLICITO ao abeiro da mesma a concesión dunha achega para as actividades indicadas a continuación:

**Nota.-** Deberase describir, DE XEITO SUFICIENTEMENTE DETALLADO, a actividade para a que se solicita a subvención, así como o fin ou obxectivo que se espera acadar coa actividade, de feito que resulte posible contrastar a súa efectiva consecución. En caso de que o espazo ofrecido neste cadro non sexa suficiente, poderán empregarse os documentos adicionais necesarios, documentos que serán presentados xunto con esta solicitude.

**ORZAMENTO ESTIMATIVO DE GASTOS.**

Descrición do gasto.	Contía da achega solicitada	Otras achegas
1		
2		
3		
4		
5		
6		
7		
8		
9		
<b>TOTAIS</b>		

Descrición doutras subvencións solicitadas para a mesma finalidade.


OBXECTIVOS DA ACTIVIDADE PARA A QUE SE SOLICITA SUBVENCIÓN.

1	
2	
3	

DIFUSIÓN DO CARÁCTER PÚBLICO DO FINANCIAMENTO CONSONTE AOS SEGUINTES ASPECTOS:

1	
2	
3	

Ames, \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 202...

O/A presidente/a da entidade.

\_\_\_\_\_

DATA DE SINATURA: HASH DO CERTIFICADO:  
11/11/2021 DCAFA08587B6280B37A145073275F726E60DDB4CA  
11/11/2021 0FD2C3776C7B204298B5CEEED09905C386F2BBDE1

POSTO DE TRABALLO:  
Secretaría  
Alcalde

NOME:  
PRADA QUEIPIO, ROSA ANA  
GARCIA PIÑEIRO, JOSE BLAS

Asinado Dixitalmente no Concello de Ames - <https://sede.concellodeames.gal> - Código Seguro de Verificación: 15220IDOC26C650F49D7ACT744A9E

**CONVOCATORIA DE SUBVENCIÓNS PARA CONVOCATORIA DE AXUDAS PARA PROMOCIÓN DE ACTIVIDADES LEVADAS A CABO POLAS ANPAS DOS CENTROS EDUCATIVOS DO CONCELLO DE AMES NO EXERCICIO..... (INDÍQUESE ANUALIDADE)**

**ANEXO 2**

**DECLARACIÓN RESPONSABLE DO/A PRESIDENTE/A DA ENTIDADE**

Nome do/a presidente/a da ANPA		Nif
Enderezo		Municipio
Tfno.	Enderezo electrónico	

Actuando en representación de (datos da entidade solicitante):

Nome	CIF
------	-----

Aos efectos do previsto no artigos 69 da Lei 39/2015, de 1 de outubro do procedemento administrativo común das administracións públicas, do artigo 13 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e do artigo 24 do Real decreto 887/06, de 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da lei xeral de subvencións.

En relación ao proxecto para o que se ten solicitado unha achega do Concello de Ames ao abeiro da convocatoria sinalada no encabezamento deste documento, formulo a seguinte

**DECLARACIÓN RESPONSABLE:**

- Que a entidade representada por min está ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, e non está incurso en ningunha outra causa que supoña ou poida supoñer obstáculo legal para o seu acceso á condición de beneficiaria dunha achega ao abeiro da presente convocatoria, comprometéndose a manter esta situación ate a completa resolución do expediente.
- Que nin eu nin a entidade por min representada estamos incurso en ningunha circunstancia que impida o acceso á condición de beneficiario dunha achega pública.
- Que non obstante o anterior, autorizo ao Concello de Ames para comprobar a veracidade da anterior declaración tanto na Axencia Estatal da Administración Tributaria como na Tesourería Xeral da Seguridade Social.
- Que a entidade representada por min se somete ás actuacións de comprobación e á achega da documentación que o Concello de Ames poida acordar para comprobar que as actuacións ás que se dedica a subvención, no caso de ser concedida, se corresponden cos fins para os que se solicita.

Ames, \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 202...

O/A PRESIDENTE/A DA ENTIDADE

DATA DE SINATURA: HASH DO CERTIFICADO:  
11/11/2021 DCAFA08587B6280B37A145073275F726E60DDDB4CA  
11/11/2021 0FD2C3776C7B204298B5CEE0D9905C386F2BBDE1

POSTO DE TRABAJO:  
Secretaría  
Alcalde

NOME:  
PRADA QUEIPIO, ROSA ANA  
GARCIA PIÑEIRO, JOSE BLAS

Asinado Dixitalmente no Concello de Ames - <https://sede.concellodeames.gal> - Código Seguro de Verificación: 15220IDOC26C650F49D7ACT744A9E

**CONVOCATORIA DE SUBVENCIÓNS PARA CONVOCATORIA DE AXUDAS PARA PROMOCIÓN DE ACTIVIDADES LEVADAS A CABO POLAS ANPAS DOS CENTROS EDUCATIVOS DO CONCELLO DE AMES NO EXERCICIO .....(INDÍQUESE ANUALIDADE)**

**ANEXO 3**

**CONTA XUSTIFICATIVA**

Nome (secretario/a)		Nif
Enderezo		Municipio
Tfno.	Enderezo electrónico	

Secretario/a da seguinte asociación, e actuando na súa representación de (datos da entidade):

Nome	CIF
------	-----

**DECLARO:**

Que foron efectuadas as actividades financiadas polo Concello de Ames para a promoción de actividades levadas a cabo polas ANPAS dos centros educativos do Concello de Ames, ao abeiro da convocatoria correspondente ao exercicio \_\_\_\_\_ e que se acadaron os obxectivos propostos.

Que, para as actividades subvencionadas, a relación de gastos e ingresos da asociación por min representada é a que se reproduce a continuación:

**GASTOS EFECTUADOS.**

Expedidor da factura (con CIF)	Nº de factura	Data de expedición	Concepto	Importe
Total gastos _____ €.				

**INGRESOS QUE FINANCIARON A ACTIVIDADE:**

Subvencións.

Administración concedente	Importe
Total _____ €	

Outros ingresos que financiaron a actividade.

Tipo de ingreso	Importe
Total _____ €	

Ames, _____ de _____ de 202
O/A presidente/a da entidade

DATA DE SINATURA: HASH DO CERTIFICADO:  
11/11/2021 DCAFA08587B6280B37A145073275F726E60DDB4CA  
11/11/2021 0FD2C3776C7B204298B5CEE0D9905C386F2BBDE1

POSTO DE TRABAJO:  
Secretaría  
Alcalde

Asinado Dixitalmente no Concello de Ames - <https://sede.concellodeames.gal> - Código Seguro de Verificación: 15220IDOC26C650F49D7ACT744A9E

NOME:  
PRADA QUEIPIO, ROSA ANA  
GARCIA PIÑEIRO, JOSE BLAS

*Mediante a presente declaración a ANPA confirma que as actividades obxecto desta convocatoria foron realizadas facendo uso do idioma galego, agás aquelas que por razóns obxectivas e docentes ligadas á aprendizaxe doutras linguas deban facerse no idioma correspondente.*

Ames, \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 202.....

O/A PRESIDENTE/A DA ENTIDADE

E para que conste, para os efectos oportunos, expido a presente co visto e praxe do alcalde, en Ames, a 11 de novembro de 2021, e coa advertencia de que non foi aprobada aínda a acta da sesión correspondente.

Vº e praxe

O alcalde

José Blas García Piñeiro

A secretaria

Rosa Ana Prada Queipo

DATA DE SINATURA: HASH DO CERTIFICADO:  
11/11/2021 DCAFA08587B6280B37A145073275F726E60DDB4CA  
11/11/2021 0FD2C3776C7B204298B5CEE09905C386F2BBDE1

POSTO DE TRABALLO:  
Secretaría  
Alcalde

NOME:  
PRADA QUEIPO, ROSA ANA  
GARCIA PIÑEIRO, JOSE BLAS

Asinado Dixitalmente no Concello de Ames - <https://sede.concellodeames.gal> - Código Seguro de Verificación: 15220IDOC26C650F49D7AC744A9E